

Xoguetainas e brinquetainas

A buxaina de Espiñeira

Álvaro Rivas Ares
Profesor de Educación Física do IES de Melide

No lugar de Espiñeira, parroquia de Leira, no municipio de Ordes atopamos unha variedade de peón *–trompo, buxaina, sevillana...-* á que lle podemos chamar *Buxaina de Espiñeira.*

Recorda Regina que lla fixera o seu padriño nunhas vacacións de verán que fora pasar á súa casa, aproximadamente hai uns corenta e cinco anos, xa que os seus curmáns xa tiñan unha. Preguntando pola orixe, Regina comenta que un curmán seu, que agora ten 73 anos, lémbrase dela "xa antes de ir á mili" co cal as orixes non están nada claras, como sucede coa maioría dos xogos e xoguetes tradicionais.

Para facela bailar, debemos enroscar o espicho de abaixo a arriba como se ve na fotografía e despois pasar o final do cordel polo burato pequeno e o espicho enrolado polo grande. Agarrando cunha man a asa do enxeño e tirando pola corda, conseguimos que baile perfectamente

A particularidade da *Buxaina de Espiñeira* reside en que utiliza un enxeño que serve como base de lanzamento con dous buratos, un para a propia buxaina e outro para o cordel. Así mesmo esta é moi simple, cun deseño para nada aerodinámico e consta dun cilindro de madeira e un espicho cravado no medio.





